

Enigmas e homes duros

Angel Esquire

Edgar Wallace (trad. de Alejandro Tobar)

Huguin e Munin, 2012, 176 páxinas, 14'75 euros

Hai xa ben máis dunha década que o panorama editorial galego está a experimentar unha grande diversificación na que, con distintas políticas de funcionamento, resaltan os pequenos proxectos e a exploración de liñas pouco ou insuficientemente explotadas polas grandes empresas. Dentro desta realidade cabe felicitarse pola importancia que distintos selos foron dando á tradución, particularmente pola constante necesidade de incorporar ao acervo de obras en galego o grande caudal da literatura universal, unha forma de loitar pola normalización da nosa cultura e un intento de atenuar tempos máis duros para a edición en galego, que porén non deixan de asexarnos dende as fisgoas da política cultural dos últimos anos.

O penúltimo destes proxectos centrados na tradución é a editora Huguin e Munin, caracterizada nos breves meses da súa existencia por unha distribución baseada sobre todo na subscrición, aínda que non deixa de abastecer tamén a unha pequena rede de librarías espalladas polo país. Outra das súas características é a notábel preocupación á hora de crear un catálogo de calidade, que parece pivotar entre pequenas xoias perdidas que nunca imaxinaríamos ver traducidas á nosa lingua e autores vinculados a xéneros máis comerciais.

O libro que nos ocupa nesta ocasión pertencería aos segundos, aínda que por momentos poderíamos pensar que a categoría de xoia perdida tamén lle acaería bastante ben. Hoxe pouco coñecido, Edgar Wallace foi un autor extremadamente popular a principios do século XX, capaz de engaiolar ao público en distintos xéneros narrativos, tamén o acompañou a fortuna como escritor de guións cinematográficos, entre os que sempre se destaca o do clásico filme *King Kong*. O seu traballo como xornalista especializado en crimes prepararíao porén para unha das innovacións que máis marcarían a literatura de masas do século que quedaba por diante. Con novelas como *Angel Esquire*, Edgar Wallace inaugura a novela policial contemporánea, na que entón xa destacan os que

co tempo serían os seus tópicos de duros detectives, criminais sen moral, baixos fondos e enigmas irresolúbeis.

A acción desta obra arranca coa morte do vello Reale, dono dunha fortuna cimentada no crime, que decide enfrontar nun xogo final a algúns dos rufiáns que lle axudaron a conquistala coas súas propias vítimas. Nunha caixa, que só se se abrirá cunha clave oculta nun criptograma, queda unha cuantiosa cantidade que fará que os protagonistas se empreguen a fondo para resolver o enigma, cada un deles acudindo ás súas particulares armas, que basculan entre a astucia e o recurso á violencia. O detective de Scotland Yard Angel Esquire será só unha das persoas non previstas que aparecerán no transcorrer da proba, que axiña se verá salpicada pola intervención dun grupo mafioso, un notario corrupto e un vello profesor tolo, autor dunha obra da que non consegue lembrar o título.

A pesar de que o desenvolvemento da novela comeza xa a recoller moitos dos tópicos que marcarían o xénero, incluído o dos homes destemidos á defensa de damas en apuros, o certo é que non se abusa da maioría deles, conseguindo unha representación do detective protagonista nada sobrecargada. Angel Esquire é un axente da lei que moitas veces se atopa na fronteira da ilegalidade, situación que se equilibra á perfección coa da súa contraparte, Jimmy, un criminal tentado pola ética. Os dous homes atoparán, nesas mutuas debilidades, unha sintonía estraña e irónica que non deixará de xerar unha fonda corrente de simpatía no lector.

Da mesma forma cabe destacar a capacidade do autor para presentar unha trama medida ao milímetro, na que non sobra nin unha soa coma. A noción da novelística de Wallace parece remitir a unha perfecta engrenaxe de relojaría na que cada peza cumpre un papel concreto e perfectamente calculado. Dende a creación dos enigmas até o peso de cada personaxe ou o transcorrer sutil dun típico romance, cada elemento contribúe a unha magnífica arquitectura adobiada con certas doses de humor irónico que vén a redondear o resultado final.

*Angel Esquire* representa unha gozosa viaxe ás orixes dun xénero particularmente popular, unha viaxe moi acaida nestas datas de lecer.